

I BATALLA DE BANDAS MUSICOLEIROS 2026

Bases de participación

1.- Obxectivo da convocatoria

A **Asociación Musicoleiros** organiza a **Batalla de Bandas** coa finalidade de promover a música en directo, impulsar bandas emerxentes e fortalecer a escena musical de Oleiros.

A convocatoria nace como un espazo de encontro entre bandas locais e formacións doutros puntos de Galicia, fomentando o intercambio cultural e a conexión co público.

A Batalla servirá ademais como plataforma de acceso ao **Festival Rockanroleiros**.

2.- Requisitos de participación

2.1. Poderán participar bandas ou artistas maiores de 16 anos.

No caso de menores de idade, será necesaria autorización asinada polo pai, nai ou titor/a legal.

2.2. A convocatoria terá carácter semi-aberto:

Poderán participar bandas de Oleiros e bandas doutros municipios.

As bandas vinculadas a Oleiros terán preferencia nas prazas de acceso á Batalla. Considerarase banda de Oleiros aquela na que, polo menos, un dos seus integrantes estea empadroado no municipio ou que teña a súa actividade principal desenvolvida en Oleiros.

2.3. Admitiranse formacións de estilos relacionados co rock e músicas alternativas: rock, punk, indie, hard rock, metal, garage, stoner, folk rock e derivados.

2.4 As bandas deberán dispoñer dun repertorio preparado para directo.

Poderanse interpretar como máximo unha versión, aínda que se valorará positivamente o repertorio propio.

2.5. Cada banda deberá designar unha persoa responsable para as comunicacións coa organización.

3.- Inscripción

3.1. A inscrición será gratuíta e permanecerá aberta **ata o 24 de xuño ás 00:00h.**

3.2. As bandas deberán completar o [formulario de inscrición](#) habilitado pola organización, no que se solicitarán os seguintes datos:

- Nome da banda
- Persoa de contacto
- Teléfono
- Correo electrónico
- Enlace a un tema propio
- Enlace a fotografía promocional
- Disponibilidade para o venres 3 de xullo de 2026

3.3. A organización poderá realizar unha preselección previa en función do número de inscricións recibidas, da calidade artística, da adecuación aos estilos admitidos, da dispoñibilidade e do equilibrio da programación.

4.- Funcionamento da Batalla

4.1. A Batalla celebrárase o venres 3 de xullo de 2026 de 16:00 h. a 22:00 h.

4.2. As actuacións serán en directo e terán unha duración máxima de 25 minutos por banda.

4.3 O número de bandas participantes será limitado segundo criterios organizativos e técnicos.

4.4 A orde de actuación será decidida pola organización ou mediante sorteo previo.

4.5. A organización resérvase o dereito de modificar datas, horarios, formato ou cancelar o evento por causas organizativas, técnicas, meteorolóxicas ou de forza maior.

5.- Sistema de votación

5.1. A valoración da Batalla corresponderá ao público asistente.

5.2. O sistema de votación será establecido pola organización e comunicado previamente ás persoas asistentes. A votación será exclusivamente do público presente no evento.

5.3. A organización poderá invalidar aqueles votos que considere fraudulentos ou contrarios ás normas da convocatoria.

5.4. Resultará gañadora a banda que obteña o maior número de votos válidos emitidos.

5.5. En caso de empate, un xurado designado previamente pola organización decidirá a banda gañadora atendendo a criterios artísticos, de posta en escena e de adecuación ao espírito e características do festival.

6.- Acceso ao Festival Rockanroleiros

A Batalla **outorgará 3 prazas** para actuar **no Festival Rockanroleiros**:

- **1 praza** absoluta para a banda gañadora, independentemente da súa procedencia.
- **2 prazas** reservadas para as bandas de Oleiros mellor clasificadas.

No caso de que a banda gañadora sexa de Oleiros, manterá igualmente a súa praza como gañadora absoluta, asignándose ademais as dúas prazas locais ás seguintes bandas de Oleiros mellor clasificadas.

7.- Premios

As tres bandas seleccionadas obterán:

- Actuación no Festival Rockanroleiros.
- A banda gañadora recibirá un premio económico cun importe mínimo de 500 €, podendo ser incrementado pola organización en función do orzamento definitivo dispoñible para o Festival Rockanroleiros 2026.
- A factura correspondente terá unha base impositiva non inferior a 500€, á que se aplicarán, no seu caso, o IVE e as retencións legalmente establecidas.

- O pagamento da actuación realizarase despois do Festival Rockanroleiros mediante transferencia bancaria á conta indicada pola banda, unha vez presentada a factura correspondente, conforme á normativa fiscal e ás condicións económicas do festival.

8.- Dereitos de imaxe

As bandas participantes autorizan á organización a utilizar fotografías e vídeos das actuacións para fins promocionais e de difusión cultural, sempre sen uso comercial alleo ao evento.

9.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra destas bases e das decisións adoptadas pola organización.

As bandas responsabilízanse do contido artístico interpretado durante a actuación.

10. Condicións técnicas

10.1. A organización facilitará equipo de sonorización básico.

10.2. As bandas deberán acudir cos seus instrumentos persoais, agás batería e backline especificado pola organización.

10.3. As probas de son realizaranse o mesmo día do evento e segundo horarios establecidos pola organización.

11.- Protección de datos

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, os datos persoais dos participantes pasarán a formar parte dun ficheiro responsabilidade da Asociación Musicoleiros, e serán tratados unicamente coa finalidade de xestionar a Batalla de Bandas. Non serán cedidos a terceiros sen o seu consentimento previo, salvo obriga legal.

As persoas participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade escribindo a: musicoleiros@gmail.com.